

-exclama alguén e todos rin ás gargalladas.

- ¡Bah! - responde ela desde o alto, toda orgullosa do seu valor.

E así sempre.

Un día, ó saír da escola, María Xosé atopa a unha señora cargada coas bolsas do supermercado e achégase a ela para axudala.

- Ai, que neno máis boiño! Pero que fortachón! -dille a

señora, agradecida. - Como te chamas, precioso?

- Chámome María Xosé.

E daquela, a coitada da señora, sen saber qué dicir, ponse colorada.

- Como non levas brincos... claro... eu pensei...



Daniel Abad


- Non levo brincos porque non teño buratos nas orellas, pero son unha nena - dille María Xosé antes de deixar as bolsas no portal e despedirse cun sorriso.

- Gracias, guapiña! - contéstalle a señora, agradecida.

E María Xosé bota a correr, satisfeita, pola costa que vai ata a súa casa.



E así sempre.



Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari?

Adaptación da obra de Seve Calleja. Ilustracións: alumnado de 1ºA - EDIT.: GALAXIA




8 DE MARZO DE 2010 DÍA DA MULLER TRABALLADORA

BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira



María Xosé ten oito anos, tres irmáns máis vellos, unha bici. E vive nunha casa bastante afastada da vila.

Cos seus irmáns xoga ó fútbol, a tirar da corda e a boxeo.



"¡Aupa, María Xosé!" - dinlle sempre para animala.

E é feliz axudando ós seus pais a rentear a herba, a apañar mazás ou a lle dar de comer ás vacas.

"¡Bravo, María Xosé!" E así sempre.

A súa nai cómpralle lazos para o pelo.




Pero, como sempre o leva tan curto, nunca os pon. E cómpralle zapatos de charón para ir á escola, pero ela prefire levar zapatillas deportivas e usar chándal en vez de vestidos, igual que os seus irmáns maiores.

- Así semellas un marimacho - explícalle a súa nai todos os días.

- Bah! - adoita responder ela, facéndolle ver que iso non lle importa.

E así sempre.

María Xosé é a máis forte de toda a súa clase. Tanto, que case todos os seus compañeiros e compañeiras lle teñen envexa, porque sempre é ela a que leva as mellores notas en Ximnasia.



- Fixádevos! Se ata ten pelos nas pernas, coma os rapaces!
- dinlle uns.

- Bah! - adoita responder ela, iso tampouco lle preocupa.

- Mirade que zapatóns calza! - comentan outros - Pero se corre coma un rapaz e leva as pernas cheas de mazaduras!

E María Xosé non contesta, porque a eses detalles nunca

lles dá demasiada importancia.

Ela é case sempre a que borra o encerado, a que trae xiz e folios da conserxería e a que lle axuda á mestra a colocar as mesas e as cadeiras en círculo cando fan teatro en clase, ou cando xogan ós oficios.



- Eu serei un cirurxián - comenta un rapaz, atándose a bata do revés.

- E eu, unha enfermeira - engade unha rapaza, colocándose un gorriño de papel.

- Pois eu serei profesora, como a nosa mestra - di outra rapaza, poñendo no nariz uns lentes de mentira e termendo dun

caderno e un bolígrafo de verdade, como parecendo unha mestra auténtica.

- E ti, María Xosé? Que queres ser? - preguntalle a profesora de verdade.

- Eu, bombeira - e, pegando brincos por riba das mesas, gabea ata o peitoril da ventá para demostrarlles a todos que non lle ten medo ás alturas.

- O bombeiro Xosé María! -

